

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 11 DE MAIO DE 2009.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 9.30 horas do día once de maio de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 6 DE ABRIL DE 2009. ADOPCION DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta plenaria da sesión de data 6 de abril de 2009.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-lo

borrador da acta da sesión plenaria de data 6 de abril de 2009.

2º) DESIGNACIÓN POR SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS O PARLAMENTO EUROPEO DO VINDEIRO 7 DE XUÑO DE 2009. (ART. 26 DA LEI ORGÁNICA 5/85 DE 19 DE XUÑO).

En cumprimento do disposto no Art. 26 da L.O.R.E.G., procedeuse a realiza-lo sorteo para designación dos membros da mesas electorais para as eleccións a Eleccións o Parlamento Europeo do vindeiro 7 de xuño de 2009, co resultado que a seguir se transcribe:

CENTRO SOCIAL DE TOIMIL (A VARA-XUANCES)*DISTRITO: 02 SECCION: 001 MESA:B

Titulares :

Presidente: MONICA OURO RAMOS con D.N.I.:33313836S

1º Vocal: AMERICA VARELA REGO con D.N.I.:76563971F

2º Vocal: RAQUEL CASAS REGO con D.N.I.:34635401T

Suplentes :

Presidente (1º Suplente): DAVID CANOURA LOPEZ con D.N.I.:34635705M

Presidente (2º Suplente): MARIA DEL MAR FERNANDEZ ACEVEDO con D.N.I.:50419105T

1º Vocal (1º Suplente): TOMAS SOTO LOPEZ con D.N.I.:33304140W

1º Vocal (2º Suplente): MARIA JOSE PERNAS REGAL con D.N.I.:77591740K

2º Vocal (1º Suplente): JUAN LUIS RODRIGUEZ MARTINEZ con D.N.I.:77597190C

2º Vocal (2º Suplente): OSCAR MEITIN BERTOLO con D.N.I.:34880585G

CENTRO CIVICO DE XOVE*DISTRITO: 01 SECCION: 001 MESA:A

Titulares :

Presidente: MARIA ELENA IGLESIAS BERMUDEZ con D.N.I.:77594945Y

1º Vocal: MARIA CONCEPCION DIAZ DIAZ con D.N.I.:33991824D

2º Vocal: JOSE MANUEL GARCIA PEREZ con D.N.I.:77592003P

Suplentes :

Presidente (1º Suplente): JUAN ANTONIO FERNANDEZ VAZQUEZ con D.N.I.:33998544J

Presidente (2º Suplente): SANTIAGO BLANCO QUELLE con D.N.I.:33995766H

1º Vocal (1º Suplente): JOSE LUIS PERNAS CABRITILLAS con D.N.I.:33992730H

1º Vocal (2º Suplente): FIDEL CANOURA DIAZ con D.N.I.:34638952D

2º Vocal (1º Suplente): MONICA GARCIA PARDO con D.N.I.:34881671D

2º Vocal (2º Suplente): FERNANDO MARTINEZ MAURELO con D.N.I.:05647334Y

ANTIGUA ESCUELA DE VILACHÁ *DISTRITO: 02 SECCION: 001 MESA:A

Titulares :

Presidente: MARIA DOLORES ROUCO OTERO con D.N.I.:76564003Q

1º Vocal: TOMAS RAMOS DOMINGUEZ con D.N.I.:77596736A

2º Vocal: DOLORES VILAR FERNANDEZ con D.N.I.:34638774S

Suplentes :

Presidente (1º Suplente): ARACELI GUTIERREZ RODRIGUEZ con D.N.I.:11416589X

Presidente (2º Suplente): SILVIA RODRIGUEZ BARREIRO con D.N.I.:77594491N

1º Vocal (1º Suplente): JAVIER SANCHEZ FERNANDEZ con D.N.I.:77595131P

1º Vocal (2º Suplente): MIGUEL ANGEL OTERO SOTO con D.N.I.:77595563A

2º Vocal (1º Suplente): IGNACIO RIVAS INSUA con D.N.I.:33997621X

2º Vocal (2º Suplente): JOSE PABLO SANCHEZ FERNANDEZ con D.N.I.:33303239K

AGRUPACION ESCOLAR GULPILLEIRAS*DISTRITO: 01 SECCION: 002 MESA:U

Titulares :

Presidente: MARTA MERA SANCHEZ con D.N.I.:76563370G

1º Vocal: MARIA ANGELES PASTOR GONZALEZ con D.N.I.:77597548X

2º Vocal: NATALIA FRA FERNANDEZ con D.N.I.:77595130F

Suplentes :

Presidente (1º Suplente): CRISTINA LESTEGAS PEREZ con D.N.I.:34636439A

Presidente (2º Suplente): EVA CASABELLA OROSA con D.N.I.:33856044K

1º Vocal (1º Suplente): ELADIO FERNANDEZ MARTINEZ con D.N.I.:77597280H

1º Vocal (2º Suplente): MARIA CARMEN PASTOR GONZALEZ con D.N.I.:77597489C

2º Vocal (1º Suplente): FRANCISCO JOSE RIVAS DOVALE con D.N.I.:76569753Q

2º Vocal (2º Suplente): CRISTINA TRASTOY BELLO con D.N.I.:77596333Z

AGRUPACION ESCOLAR DE XOVE*DISTRICTO: 01 SECCION: 001 MESA:B

Titulares :

Presidente: MARIA EUGENIA RODRIGUEZ BARREIRO con D.N.I.:77596040C

1º Vocal: LUIS MARTINEZ ROUCO con D.N.I.:33305362M

2º Vocal: GUILLERMO BERDEAL VAZQUEZ con D.N.I.:33994403N

Suplentes :

Presidente (1º Suplente): PALOMA RODRIGUEZ OVIEDO con D.N.I.:05220095S

Presidente (2º Suplente): JUAN CARLOS SALGUEIRO BARREIRO con D.N.I.:33995261L

1º Vocal (1º Suplente): ALEJANDRO QUELLE RODRIGUEZ con D.N.I.:33997908K

1º Vocal (2º Suplente): IVAN ABAD EIJO con D.N.I.:34880696T

2º Vocal (1º Suplente): MARIA FLORENTINA GARCIA CASTRO con D.N.I.:77594577Y

2º Vocal (2º Suplente): SANTIAGO VIGO CASABELLA con D.N.I.:77594580D

3º) PROPOSTA DE ALCALDÍA EN RELACIÓN Ó CAMBIO DO TRABALLADOR MUNICIPAL ENCARGADO DO DESENVOLVEMENTO DAS TAREFAS DE SECRETARIO DO XULGADO DE PAZ DE XOVE. ADOPCION DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do escrito de renuncia presentado polo actual Secretario do Xulgado de Paz de Xove, D. Alberto Rapa Martinez, que a seguir se transcribe íntegramente:

“D. Alberto Rapa Martinez, Secretario do Xulgado de Paz de Xove, a través da presente, solicita sexa aceptada a renuncia no seu cargo debido a temas persoais, xunto cunha gran acumulación de traballo debido a que ademais de ser o Secretario do Xulgado de Paz, é o responsable do Negociado de Persoal e o Coordinador de Seguridade do Concello de Xove, formando parte do plantel de persoal laboral fixo do mesmo, o que impide desenvolver da forma eficaz que o posto require, as tarefas relacionadas co cargo de Secretario do Xulgado de Paz e do Rexistro Civil.

Solicítase que esta renuncia sexa presentada e aceptada no próximo pleno do Concello, quedando como data de cese o vindeiro 30 de maio de 2009.”

Por Secretaría dáse conta igualmente da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe:

“ Visto o escrito presentado por D. Alberto Rapa Martínez, Secretario do Xulgado de Paz de Xove con data 06 de maio de 2009 e con rexistro de entrada nº 1473, no que se solicita a aceptación á súa renuncia como Secretario do Xulgado e do Rexistro Civil de Xove por motivos persoais e de acumulación de tarefas que fan imposible a correcta realización dos traballos de Secretario.

Aceptada a renuncia, proponse para ocupar o cargo de Secretario do Rexistro Civil e do Xulgado de Paz de Xove a Dna. María Teresa Cociña Casabella, persoal laboral fixo do Concello de Xove que xa en anos anteriores e durante moito tempo ocupou dito posto, co que se garante así unha mellor asimilación ó posto por parte da persoa en cuestión, non provocando un detrimento na atención ó cidadá nin no desenvolvemento das tarefas a realizar, posto que ten os coñecementos e a práctica suficientes para realizalas.

Proponse que dito nomeamento sexa aprobado polo Pleno e remitido a Delegación de Presidencia para que o nomeamento sexa efectivo e se realicen as tramitacións correspondentes a estes casos. ”

Aberto o debate, polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase en primeiro lugar, que persoalmente e no nome do seu grupo, considera necesario felicitar a D. Alberto Rapa Martínez, pola magnífica labor realizada nos anos nos que desenvolveu o seu traballo como Secretario do Xulgado de Paz e do Rexistro Civil de Xove, engadindo que as razóns expostas como xustificativas da súa renuncia son perfectamente asumibles.

Polo Sr. Pernas Rodríguez sinalase igualmente que lamentablemente o seu Grupo vese na obriga de absterse respecto da designación de candidata proposta polo Sr. Alcalde, á vista dos antecedentes que concorren na traballadora proposta, engadindo que o máis lóxico houbera sido que o Sr. Alcalde consensuara previamente con tódolos grupos municipais a elección de candidato para ocupar un posto que cada vez ten maior importancia, tendo en conta as delegacións de competencias nos Xulgados de Paz, previstas na Lei.

Polo Sr. Alcalde manifestase que a súa proposta basease no feito de que D^a María Teresa Cociña Casabella, desenvolveu no seu día as tarefas de Secretaria do Xulgado de Paz e do Rexistro Civil, co cal, non se producirá ningún baleiro na xestión de ditos servizos, engadindo que como Alcalde e Xefe de Persoal, o labor profesional da citada traballadora merece todo o seu respecto.

Polo Sr. Fernández Bouza, manifestase que as acusacións ou insinuacións verquidas polo portavoz de AVEXO, respecto da profesionalidade da traballadora proposta polo Sr. Alcalde son cando menos, inxustas e improcedentes, engadindo que é moi forte e triste que anos despois do acoso laboral que dita traballadora tivo que sufrir de membros do anterior grupo de goberno, lle volvan agora a saír cos mesmos contos que antes.

Remata a súa intervención o Sr. Fernández Bouza, sinalando que vai votar a favor da proposta presentada polo Sr. Alcalde, e que felicita igualmente ó Sr. Rapa Martínez polo labor efectuado.

Polo Sr. Ben Fernández, manifestase que vai votar a favor da proposta do Sr. Alcalde, por considerar que a traballadora proposta ten experiencia, e está perfectamente capacitada para exercer-lo cargo.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos favorables dos/das Sres/Sras. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Balseiro Canoura, Abad López, Meitin Guerreiro, Fernández Bouza, e Ben Fernández, e coa abstención dos Sres. Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, e Casabella Lage, acorda:

1º) Acepta-la renuncia ó cargo de Secretario do Xulgado de Paz e do Rexistro Civil de Xove, presentada polo seu actual titular, D. Alberto Rapa Martinez.

2º) Proponer á Dirección Xeral de Xustiza, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a aceptación da renuncia referenciada e o nomeamento como Secretaría do Xulgado de Paz e Rexistro Civil de Xove, a D^a María Teresa Cociña Casabella, titular do DNI: 33.856.852-R, integrada no cadro de persoal do Concello de Xove (Persoal Laboral Fixo), por considerar que dita traballadora reúne as condicións de preparación e experiencia necesarias para o correcto desenvolvemento das tarefas propias do citado cargo.

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE CIRCUÍTOS BIOSALUDABLES OU PARQUES XERIÁTRICOS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fdez. Bouza, coa autorización da presidencia, procédese á lectura é a breve explicación da moción do epígrafe que a seguir se transcribe:

“Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

A caída é con diferenza a principal causa de morte por accidente no ancián. Ao redor do 41% de persoas maiores restrinxen a súa mobilidade por medo á caída, o que dificulta a exercitación dos sistemas de equilibrio. Por conseguinte, o medo a caerse pode aumentar o risco de caída. Segundo un estudo realizado por Era (1997), no que se realizou un traballo de equilibrio e coordinación motora durante tres meses a un grupo de corenta suxeitos de idades comprendidas entre 65 e 81 por un tempo de setenta e cinco minutos unha vez á semana, obtivéronse resultados sorprendentes. Como resposta a estas necesidades en torno ao mantemento do rendemento físico nas persoas maiores, aparecen os parques geriátricos públicos. Os parques geriátricos ou tamén chamados circuítos biosaludables son espazos verdes, ubicados nas cidades e compostos por diferentes equipos para exercitarse, que aportan unha nova filosofía de vida para os nosos maiores, de maneira que poidan gozar do seu tempo de lecer con saúde. Son contornas únicas para manter o corpo e a mente en forma. Os parques xeriátricos cumpren un interesante servizo público de benestar e saúde para a terceira idade, onde as principais institucións poden lograr cubrir os seus obxectivos con respecto a esta poboación, e así poder sensibilizar da necesidade do coidado dos maiores, facilitar modos de lograr mellorar a calidade de vida destas persoas, fomentar lugares de encontro e diversión para todos e todas.

Conclusiones: As actividades físicas que se poden realizar nas citadas instalacións responden ás principais deficiencias que coa idade van aparecendo, e o deseño dos distintos elementos que conforman estes circuítos aportan, a este sector da nosa sociedade, uns determinados beneficios que van axudar a ter unha mellor calidade de vida.

Propoñemos ó pleno dá corporación:

1.- Que se instalen no parque de Xove os distintos aparellos que se recomentan para un parque xeriátrico.

2.- Que no parque que se faiga en Palmeiro, resérvese un espazo para este fin. ”

Polo Sr. Alcalde contestase que o Grupo de Goberno considera acertada a proposta plantexada polo BNG na moción transcrita, engadindo que no suposto de que para este exercicio a Xunta de Galicia non habilite unha liña específica de axudas ou subvencións para este tipo de instalacións,

será o Concello, previa tramitación da correspondente modificación presupuestaria quen asuma o investimento que á vista dos presupostos solicitados, acadaría un importe aproximado ós 7.000 €.

Os Sres. Pernas Rodríguez e Ben Fernández manifestan a súa conformidade coa proposta plantexada na moción transcrita.

Rematado o debate, co Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la moción do epígrafe, anteriormente transcrita.

5ª) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DO IDIOMA GALEGO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fdez. Bouza, coa autorización da presidencia, procédese á lectura é a breve explicación da moción do epígrafe que a seguir se transcribe:

“Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

Exposición de Motivos: Resulta evidente que o proceso de normalización de usos do galego foi lento e, até hoxe, insuficiente para garantir o dereito a vivir na nosa lingua. O respecto á legalidade vixente (Estatuto e Lei de Normalización Lingüística) e a implementación de cambios legais na dirección da igualdade e da convivencia semellan non ir na dirección daqueles que aínda poñen proa ao dereito fundamental para que o galego goce no seu territorio do mesmo status legal que o castelán no seu.

Asistimos nos últimos tempos a unha situación esperpéntica, por canto existen sectores –políticos e mediáticos– que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo en Galiza por mor da suposta discriminación a que se ven sometidas as persoas que falan nesta lingua.

Mentres tanto, a realidade é claramente á inversa: non só non gozamos dunha realidade que permita a existencia e normalidade dos usos do noso idioma no día a día, senón que ademais resulta evidente un proceso de confusiónismo que pretende que as persoas galegofalantes non teñan dereitos lingüísticos, e que os únicos deberes para as administracións públicas queden referenciados ao uso do castelán. Na práctica, estamos na negación da igualdade e convivencia entre as dúas linguas.

De feito, un contundente informe do Consello de Europa elaborado a finais do pasado ano, advertía que no noso País non se están a dar garantías para o uso normal do galego en sectores tan importantes como a educación, a xustiza, os servizos públicos ou os medios de comunicación; incumpríndose de feito os tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos. Na mesma liña, un recente informe da Real Academia Galega sinala que en doce anos reduciuse á metade a cantidade de persoas que falan habitualmente en galego.

Acreditamos que compete ao pobo galego, a través das súas institucións representativas, definir a política lingüística acorde co criterio de cooficialidade e de lingua propia que mesmo o actual Estatuto reconece para o noso idioma; esixindo das institucións de autogoberno a defensa da igualdade plena de dereitos para o galego e a aplicación de medidas a favor da normalización dos seus usos.

Non obstante, estamos a escoitar declaracións de persoas con cargos de alta responsabilidade no novo Goberno Galego que supoñen un ataque contra do galego e mesmo poden supoñer un perigo de confrontación e de fractura social; á marxe de ir contra de acordos unánimes do Parlamento

Galego, nomeadamente contra o recollido no artigo 5 do Estatuto de Autonomía, que sinala o galego como lingua propia de Galiza e a obriga dos poderes públicos de potenciala nos diferentes ámbitos de uso.

Por isto, é polo que solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Manifestar a vontade da Corporación municipal na defensa da nosa lingua e, especificamente, nos acordos unánimes adoptados polo Parlamento Galego para instrumentar as medidas de normalización do galego nos diversos ámbitos sociais.

2. Apoiar o ‘Manifesto pola convivencia lingüística e a igualdade de dereitos para o galego’.

3. Secundar as campañas e iniciativas que se promovan en defensa do idioma galego e, concretamente, a convocada para o vindeiro 17 de maio en Santiago de Compostela. “

Igualmente o Sr. Fernández Bouza, dá lectura íntegra ó “manifesto pola convivencia lingüística e a igualdade de dereitos para o Galego” subscrito no ano 2008, por un significativo número de representantes da cultura galega.

Polo Sr. Alcalde manifestase que deixando dunha forma rotunda, o apoio total do seu grupo e do Partido Popular á lingua galega, por ser non só unha das linguas oficiais de Galicia, senon a lingua materna da maioría dos membros do Grupo Municipal, considera que non pode apoiar-la aprobación da moción presentada polo BNG porque non está en absoluto de acordo coa opinión transcrita en dita moción, na que se sinala que o actual goberno galego supoña un problema para a defensa ou o desenvolvemento da lingua galega; todo o contrario, durante os gobernos anteriores do Partido Popular, a lingua galega nunca xenerou problema ningún na sociedade, e conviviu armónica e perfectamente co castelán, e foi precisamente nos últimos catro anos de goberno compartido entre o PSOE e o BNG, cando as políticas de imposición provocaron a crispación e a fractura na sociedade pola utilización do galego como arma política.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, manifestando que na súa opinión esas medidas de carácter impositivo, constitúen a peor defensa que se pode facer respecto da lingua galega.

Polo Sr. Fernández Bouza sinalase que as apelacións ó galego como lingua materna son moi respectables, mais do que se trata non é de falar de sentimentos persoais ou colectivos, senón de medidas legais efectivas en defensa da lingua galega, e nese eido, parece evidente que as declaracións do actual Presidente da Xunta e dalgúns membros do seu goberno de deroga-lo decreto que desenvolve a Lei de Normalización Lingüística e que foi aprobado no seu día por unanimidade de tódolos partidos políticos con representación no Parlamento Galego, constitúe unha agresión sen precedentes contra a nosa lingua.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu Grupo apoia e defende a convivencia pacífica e armónica do Galego e do Castelán, así como a liberdade de elección dos pais en relación coa educación dos seus fillos en materia lingüística, engadindo que o panorama descrito polo concelleiro do BNG puidera se-lo existente hai 30 anos, mais hoxe en día resulta absolutamente irreal estar a falar de discriminacións ou estigmatizacións de ninguén polo uso normal e cotiá do galego tanto no ámbito social, educativo ou profesional.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que se ben o seu partido en ningún caso está a favor de impoñer-lo uso da lingua galega pola forza, resulta mais que evidente que a intención do actual Goberno Galego de deroga-lo decreto que desenvolve a Lei de Normalización Lingüística e que foi aprobado no seu día por unanimidade de tódolos partidos políticos con representación no Parlamento Galego, constitúe un paso atrás no desenvolvemento da lingua galega.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos dos Sres./ Sras. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez, Meitin Guerreiro, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, e Casabella Lage, acorda rexeita-la aprobación da moción do epígrafe anteriormente transcrita.

Os Sres Fernández Bouza e Ben Fernández votan a favor da aprobación da citada moción.

6.) ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Secretario Municipal, dáse lectura os rogos e preguntas presentados por escrito (R.E. 1449) polo **Grupo Municipal do BNG**, e das contestacións efectuadas igualmente por escrito polo Sr. Alcalde-Presidente que a seguir se transcriben:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove presenta os seguintes Rogos e Preguntas para o próximo Pleno Ordinario do mes de Maio.

ROGOS:

1.- Que se revise o proxecto da rota dos muíños co fin de que o paseo siga a conca do río nas súas beiras sen os desvíos polas pistas e estradas, o mesmo tempo solicitamos a reconstrucción dos muíños que a día de hoxe están paralizadas.

Resposta de Alcaldía:

1º.- Se toma e consideración o rogo mais é necesario sinalar que, dunha banda sería necesario respecta-la servidume de protección de cauces e ter en conta as crecidas puntuais do río e doutra banda a titularidade privada dunha parte dos muíños.

Polo Sr. Alcalde, engádese que como resultado das negociacións mantidas con diversos propietarios, vánse executar diversas modificacións da ruta, principalmente na zona da capela de San Vicente, pero para elo, será necesario efectuar modificacións presupuestarias, xa que ditas obras, que non figuraban no proxecto orixinal, conlevan a instalación a maiores dunha ponte.

PREGUNTAS:

1.- Que comprobacións se fixeron do vertido de gas-oil nas inmediacións de Palmeiro, coñécese a súa procedencia, que se vai facer para que non se repita?

Resposta de Alcaldía:

1ª.- O mesmo día que se tivo coñecemento do verquido o Primeiro Tenente de Alcaldía e Concelleiro Delegado de Obras personouse na Urbanización Palmeiro con persoal da brigada de obras e do servizo de augas municipal e realizada a inspección correspondente chegouse a conclusión de que os verquidos de gas-oil detectado puideran ter orixe nalgún dos depósitos dos edificios da Urbanización, como quera que estamos a falar de inmobles e instalacións de titularidade privada procedeuse ese mesmo día á colocación en tódolos portais da urbanización dun aviso dirixido ás respectivas Comunidades de Propietarios solicitando o control e revisión dos depósitos de gasoil de cada edificio para detectar posibles fugas.

Tra-las inspeccións realizadas o Encargado do Servicio Municipal de Augas emite o seguinte INFORME: Despois de revisar a orixe do vertido de gasóleo na Urbanización Palmeiro a petición da Alcaldía, dictaminase o seguinte:

1º) Localízase a zona entre o bloque 46/44 /42/35/37/ 39

- Na Comunidade 46 cambiaron o depósito fai 10 anos aproximadamente.
- Na Comunidade 35 tiveron unha avaría fai 6 meses onde perderon gran cantidade de gasóleo (que se filtrou o solo). Dito tanque foi reparado e probada á estanquidade.
- Nas Comunidades 44 – 42 – 37 – 39 non se cambiaron os tanques que teñen 30 anos.

2º) Non se pode determinar o punto fixo, o ser un vertido subterráneo o cal filtra tanto as arquetas de augas pluviais como a arquetas de rexistro de alta tensión.

3º) Falase cos Presidentes das Comunidades de Propietarios dos bloques afectados para que fixeran as probas de presión dos tanques de gasóleo e instalación.

4º) Os Presidentes pónense en contacto con Repsol para ditas probas e controlan periodicamente os niveis dos depósitos de acumulación quedando en comunicarlle o Concello os resultados que vaian coñecendo.

5º) Non se descarta que dito vertido proceda do depósito avariado da Comunidade 35 e quedara almacenado no subsolo e vaia filtrando as arquetas menos protexidas ou con defectos nas estanquidade

6ª) Estanse a recoller mostras de auga no pozo de drenaxe de pluviais ubicado preto do Bloque 46 , xa que é o pozo mais alto a partir do cal se detecta e presenza de gas-oil, ós efectos de comproba-lo grao de concentración do verquido.

2.- No B.O.P. do día 17 de Abril de 2009 anunciase a convocatoria da praza de traballadora social no Concello, sobor da mesma queremos facer as seguintes consideracións, as bases polas que se rexerá a convocatoria, deberan de facerse públicas no mesmo Boletín Oficial, os dereitos de exame son excesivos, a experiencia profesional polo desempeño de posto actual é un atranco para os aspirantes a praza, e polo que preguntamos:

- a) Ten algo que ocultar o Goberno de Xove para non facer públicas as bases da convocatoria?***
- b) Os dereitos de exame son normalmente de 18€ a 30€ porqué 60€ ?***
- c) A esaxerada puntuación da experiencia non pensan vostedes que restrinxe a igualdade de oportunidades?***

Resposta de Alcaldía:

2ª.- a) Nin este Alcalde nin o Grupo de Goberno teñen absolutamente nada que ocultar neste asunto nin en ningún outro.

No que se refire concretamente as Bases Reguladoras da convocatoria para a provisión da praza de traballador/a social, no Anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº: 86 do pasado 17/04/2009 se sinalaba con toda claridade que tanto as Bases como o modelo de instancia atopabase ó dispor dos interesados no Negociado de Persoal do Concello de Xove e reflectíase a dirección de correo electrónico onde se podían efectua-las correspondentes consultas ou peticións de documentación.

De feito durante o prazo sinalado no Anuncio publicado no BOP realizaróñse e foron atendidas oito consultas e peticións de documentación.

b).- Somentes polo abono dos gastos de publicación de Anuncios no B.O.P. e polo abono das dietas dos membros do Tribunal previstas na Base de Execución 40ª do Orzamento Municipal o custo mínimo para o Concello derivado deste procedemento de selección é aproximadamente duns 265 €; en calquera caso a cantidade de 60 € fixada como dereitos de exame para este procedemento é exactamente a mesma que a fixada nos procesos selectivos para a provisión de prazas con carácter fixo realizados no Concello de Xove nos últimos tres anos, sirva como exemplo a seguinte relación:

Ano 2008

Administrativo Servicio Sociais : 60 €

Auxiliar Administrativo Servicios Xerais e Xulgado de Paz: 60 €

Ano 2006

Encargado Aula Informática :60 €

Limpiadora Piscina:60 €

Socorrista Piscina:60 €

Recepcionista Piscina :60€

Vixilantes:60 €

Conserxe Centro Escolar: 60€

Telefonista:60€

Recepcionista Centro 3ª IDADE: 60€

Encargada Centro Xuvenil: 60€

c) Desde sempre unha das peticións que reiteradamente eran levadas pola representación sindical do persoal ó servizo das Administracións Públicas ás correspondentes Mesas de Negociacións foi a habilitación de medidas legais que reducean a precariedade do emprego e permitiran a consolidación do emprego temporal no ámbito das administracións públicas.

Como consecuencia desa reiterada petición dos sindicatos, a Lei 7/2007, de 12 de abril, pola que se aprobou o Estatuto Básico do Empregado Público, habilitou formal e legalmente unha serie de medidas co obxectivo específico de favorecer-la consolidación do emprego temporal nas Administracións Públicas incluíndo expresamente ós Concellos.

Unha desas medidas é a posibilidade de valorar como mérito a experiencia profesional no posto de traballo concreto obxecto da convocatoria.

A mesma lei condiciona a posibilidade de aplicar dita medida de consolidación do emprego temporal ao cumprimento inexcusable de tres requisitos:

- Que se trate dun posto de traballo de carácter estrutural (Parece obvio sinalar que o posto de Traballador/a Social encargado/a dos Servicios Sociais Municipais que figura no Cadro de Persoal do Concello desde hai máis de quince anos é un posto de carácter estrutural).
- Que este dotado orzamentariamente.

- Que, é isto é o máis decisivo, dito posto de traballo se atope desempeñado interina ou temporalmente con anterioridade o 1 de xaneiro de 2005 (Como consecuencia da baixa por enfermidade da anterior titular, baixa que é definitiva desde xaneiro deste ano, o posto de Traballadora Social do Concello de Xove leva sendo desempeñado interina ou temporalmente desde o 12 de xaneiro de 2004 ata a data de hoxe).

39) Polo Sr. Ben Fernández rógase que para facilita-lo aparcamento de vehículos ó final da rúa Camiño Real, se manteñan negociacións ou conversas con representantes da empresa Construcciones Mon, que ó parecer son propietarios do solar ubicados en dita zona para que autorice, previo acondicionamento do terreno por parte do Concello, a creación dun aparcamento provisional para vehículos.

Polo Sr. Alcalde respóndese que considera acertada a idea, e que se iniciarán ditas negociacións.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as once horas e cinco minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo